



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 19 DE DECEMBRO DE 2025**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ

ISMAEL DURÁN BEREIJO

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

LUCÍA PICOS ANEIROS

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARÍA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:45 horas do día 19 de decembro de 2025, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose o estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 05.12.2025

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 05.12.2025, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000012

Vista a proposta de Alcaldía de data 16.12.2025, corrixida por un erro detectado e substituída pola proposta de Alcaldía de data 17.12.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 19.12.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2024/U022/000012

OBXECTO:

Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en



PROMOTOR/A:							
CONSIDERACIONS URBANÍSTICAS:							
CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	Solo urbano residencial en núcleo antigo						
REFERENCIA CATASTRAL:							
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	151.982,00 €						
ALTURA, VOLUMES E OCUPACIÓN DE PARCELA PERMITIDOS:	<table><tr><td>Altura cornixa:</td><td>9,40 m</td></tr><tr><td>Superficie construída</td><td>266,87 m²</td></tr><tr><td>Ocupación:</td><td>100 %</td></tr></table>	Altura cornixa:	9,40 m	Superficie construída	266,87 m²	Ocupación:	100 %
Altura cornixa:	9,40 m						
Superficie construída	266,87 m²						
Ocupación:	100 %						
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Proxecto básico de vivenda unifamiliar en de abril 2024						
TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS:	Marina Pérez Primo Arquitecta COAL 13094						
DIRECTOR EXECUCIÓN E COORDINADOR DE SE Y SA:	David Couselo Méndez Arquitecto técnico COATAC 1317						
PRAZO DE INICIO:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.						
PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.						
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG.						
PRÓRROGAS:	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente						
AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:	- Resolución da Dirección Xeral Do Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia, de data						



	11.07.2024(Expte.: 2035/22)
NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrárase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 09.12.2025)	CONDICIÓN PARTICULARES: LICENZA CON EFICACIA DIFERIDA: - A documentación achegada e completa correspondente ao Proxecto básico e o seu contido é suficiente para outorgar a licenza municipal, pero insuficiente para iniciar a construción, para a que se deberá de achegar o proxecto de execución.
CONDICIÓN XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020	

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal en data 09.12.2025
- Visto o informe xurídico emitido pola Técnico de Administración Xeral de data 15.12.2025.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º) Conceder a excepción de legalidade, en cumprimento do Decreto 29/2010, de Habitabilidade de vivendas de Galicia, e dar traslado do acordo á Dirección Xeral do IGVS, das seguintes determinacións das NHV:

- o I.A.1.2 Iluminación: Non se acada o 1/8 de superficie acristalada polas limitacións de estética tradicional; ventilación si cumpre.
- o I.A.2.4.1 Alturas: PB queda en 2,53 m (por límites de galería e cornixa); 2,70 m en planta segunda.
- o I.A.3.2 Baño accesible: Cuartos de baño Non chega a 5,00 m², aínda que admite círculo 1,50 m e ancho mínimo.
- o I.A.3.3 Acceso/espazos: Esíxense 1,50 m libres fronte á porta; só hai 1,00 m ao entrar polo corredor.

2º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 09.12.2025.

3º)As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

4º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

-De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo



de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

5º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

6º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

7º) Notificar o presente acordo á persoa interesada dándolle así mesmo traslado ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DA FACTURA F/2025/3856

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.12.2025, que literalmente di:

“**Expediente:** 2025/G006/000404

Asunto: RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DA FACTURA F/2025/3856

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Vista a factura con número de rexistro de entrada F/2025/3856 que suma un importe total de 19.972,04€:

Nº REX	Nº FRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2025/3856	2V- FACTUR25 2025/3409	30/11/2025	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Novembro	SE	1623	22799	19.972,04 €
								TOTAL	19.972,04 €

Visto o informe de favorable de Intervención de data 16.12.2025 relativo á fiscalización da factura con número de rexistro de entrada F/2025/3856.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2025, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación



das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollerse para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “a competencia é irrenunciabile e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga da factura con número de rexistro de entrada F/2025/3856 con cargo á aplicación orzamentaria 1623.22799 do Orzamento Municipal exercicio 2025 e aprobar a correspondente factura, por un importe bruto de 19.972,04 euros.

SEGUNDO.- Ordenar o pagamento con cargo á aplicación orzamentaria 1623.22799, por un importe bruto de 19.972,04 euros.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE NOVIEMBRE 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15.12.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE NOVIEMBRE 2025.



O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de novembro 2025 que empeza por cun importe de 78,39 € e finaliza con cun importe de 28,26 € e se compón de 44 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.529,31 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de novembro 2025 que empeza por cun importe de 36,00 € e finaliza con cun importe de 28,80 € e se compón de 6 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 377,39 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO POR INHABITABILIDADE DE INMOBLE. EXPEDIENTE: 2025/X999/000130

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 18.12.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO POR INHABITABILIDADE DE INMOBLE.

Expediente: 2025/X999/000130

Solicitude: 202590000001262 (14/07/2025)



ANTECEDENTES

Primeiro. D. _____ solicitou a baixa dos recibos cos datos que se indican a seguir, alegando a inhabilitade da construción.

NÚMERO FIXO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIOS	SUXEITO PASIVO	NIF/CIF
253000647581				
253000647580				

Segundo. Consta no expediente informe do arquitecto municipal de data 17 de decembro de 2025, en sentido **FAVORABLE**.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021. Na súa nova redacción aplicable dende o 07.06.2021

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data da devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

II.C. O artigo 5.3 a) da Ordenanza establece “A solicitude do interesado, mediante informe elaborado por técnico competente que acredite que non se atopan en condicións para ser habitables, daranse de baixa no padrón por un prazo máximo de tres exercicios, transcurrido o cal deberáse renovarse e acreditarse a baixa no padrón. En caso de agrupación ou división de vivendas, deberáse achegar igualmente o informe técnico que o acredite.

A emisión do informe correspondente polos técnicos municipais suporá unha taxa fixa de 20,00 “

III. O expediente conta con informe técnico municipal que conclúe as condicións de non habitabilidade das vivendas a data 17 de decembro de 2025.

A ordenanza establece que a baixa dun recibo por esta circunstancia (declaración de inhabilitade) terá unha vixencia máxima de tres anos, transcorridos os cales haberá que acreditar novamente a devandita situación.



Por tanto, procedería a baixa do padrón dos recibos correspondentes aos exercicios 2026, 2027 e 2028 no sentido de que se acredita o cumprimento desta circunstancia.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. DAR DE BAIXA no Padrón da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos para os exercizos 2026, 2027 e 2028 os recibos cos seguintes datos:

NÚMERO FIXO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIOS	SUXEITO PASIVO	NIF/CIF
253000647581				
253000647580				

SEGUNDO. NOTIFICAR o presente acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

6. SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS E ANULACIÓN DE RECIBO POR CESE DE ACTIVIDADE. EXP: 2025/X999/000239

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 05.12.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS E ANULACIÓN DE RECIBO POR CESE DE ACTIVIDADE. EXP: 2025/X999/000239.

Solicitud: 202599900002283

Data: 28/10/2025

Solicitante: INVERSIONES LA ASCENSION S.L.

Expediente: 2025/X999/000239

ANTECEDENTES

Datos identificativos:

Nº Fijo: 253000645200

Enderezo:

Referencia catastral:

Primeiro. en representación de Inversiones La Ascensión, S.L., presenta solicitud de baixa da taxa de recollida do lixo vinculada á actividade deste inmovible, por cese de actividade. Achega a seguinte documentación coa solicitude:

- Escritura notarial de dación en pago de outubro de 2023.
- Recibo taxa recollida do lixo ao seu nome do exercicio 2025.
- Contrato de arrendamento do local, con fin o 05/04/2024.



Segundo. Consta informe da policía local de data 28/11/2025 que conclúe:

“Examinada la solicitud presentada, realizadas gestiones oportunas y recabada la información necesaria: Se comprueba que en el bajo comercial se ha dejado de ejercer todo tipo de actividad por parte del solicitante, y por lo tanto se emite informe FAVORABLE para la solicitud de cese de actividad.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xuño, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021, sendo aplicable dende o 7 de xuño de 2021.

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrido o devengo”.

II.C. O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

III. De conformidade co informe da policía local que figura no expediente, a actividade empresarial non se exerce na actualidade, polo que procede a baixa no padrón da taxa de recollida de residuos, a anulación do recibo indicado e a liquidación da cantidade correspondente ó primeiro trimestre de 2024.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. APROBAR a baixa no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do seguinte suxeito pasivo:



SUXEITO PASIVO	INVERSIONES LA ASCENSION S.L.
NIF	B70346416
Nº FIXO	253000645200
REFERENCIA CATASTRAL	
ENDEREZO TRIBUTARIO	
ENDEREZO FISCAL	

SEGUNDO. ANULAR os recibos cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000645200	20253515022RL01R004138		INVERSIONES LA ASCENSION S.L.	B70346416	2025	319,80 €
253000645200	20243515022RL01R002163		INVERSIONES LA ASCENSION S.L.	B70346416	2024	319,80 €

TERCEIRO. APROBAR a liquidación da taxa de recollida de lixo do primeiro trimestre de 2024.

CUARTO. COMUNICAR o presente acordo á Deputación da Coruña, para o seu coñecemento e trámites oportunos.

QUINTO. NOTIFICAR o presente acordo ó/á interesado/a.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

7. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOS PERIODOS 2023 E 2024. EXP: 2025/X999/000261

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 09.12.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOS PERIODOS 2023 E 2024. EXP: 2025/X999/000261.

Solicitud: 202590000001851

Data: 10/11/2025

Solicitante: BANCO SANTANDER, S.A.

Expediente: 2025/X999/000261

ANTECEDENTES



Datos ben inmoible:

Enderezo:

Ref. catastral:

Nº fixo recibo: 253000646788

Exercicios: 2023, 2024

Primeiro. Preséntase solicitude por Banco Santander, S.A., con CIF A-39000013, en data 10.11.2025 e nº de rexistro de entrada 202590000001851, para cambio de titularidade do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos e anulación e devolución dos recibos dos exercicios 2023 e 2024.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmoibles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021.

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se



prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrato nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para os exercicios 2023 e 2024, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

VII. Anulación e liquidación en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercicios 2023 e 2024 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000646788	20233515022RL01R003106			BANCO SANTANDER, S.A.	A-39000013	2023	78,90 €
253000646788	20243515022RL01R001334			BANCO SANTANDER, S.A.	A-39000013	2024	65,00 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2023 e 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:



PRIMEIRO. ANULAR os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000646788	20233515022RL01R003106			BANCO SANTANDER, S.A.	A-39000013	2023	78,90 €
253000646788	20243515022RL01R001334			BANCO SANTANDER, S.A.	A-39000013	2024	65,00 €

SEGUNDO. COMUNICAR este acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

TERCEIRO. NOTIFICAR o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

8. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO POR INHABITABILIDADE DE INMOBLE. Expediente: 2025/X999/000263

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 10.12.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA
Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO POR INHABITABILIDADE DE INMOBLE.

Expediente: 2025/X999/000263
Solicitud: 202500000003800 (07/11/2025) / 202500000004122 (09/12/2025)

ANTECEDENTES

Primeiro. Dª. solicitou a baixa do recibo cos datos que se indican a seguir alegando a inhabitabilidade da construción.

NÚMERO FIXO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO	SUXEITO PASIVO	NIF/CIF
253000644923				

Segundo. Consta no expediente informe de Xestións Técnicas de Galicia (XESTEGA) de data 07 de outubro de 2024, no que se conclúe que: “la superficie construida aprovechable del mismo es de veintidós metros cuadrados siendo su uso o destino el de almacenamiento o trastero.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO



I. A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021. Na súa nova redacción aplicable dende o 07.06.2021

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data da devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

II.C. O artigo 5.3 a) da Ordenanza establece “A solicitude do interesado, mediante informe elaborado por técnico competente que acredite que non se atopan en condicións para ser habitables, daranse de baixa no padrón por un prazo máximo de tres exercicios, transcurrido o cal deberáse renovarse e acreditarse a baixa no padrón. En caso de agrupación ou división de vivendas, deberáse achegar igualmente o informe técnico que o acredite.

A emisión do informe correspondente polos técnicos municipais suporá unha taxa fixa de 20,00 “

III. O expediente conta con informe técnico de XESTEGA que conclúe: “la superficie construida aprovechable del mismo es de veintidós metros cuadrados siendo su uso o destino el de almacenamiento o trastero” a data 07 de outubro de 2024.

A ordenanza establece que a baixa dun recibo por esta circunstancia (declaración de inhabilitabilidade) terá unha vixencia máxima de tres anos, transcorridos os cales haberá que acreditar novamente a devandita situación.

Por tanto, procedería a baixa do padrón dos recibos correspondentes aos exercicios 2026, 2027 e 2028 no sentido de que se acredita o cumprimento desta circunstancia.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. DAR DE BAIXA no Padrón da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos para os exercizos 2026, 2027 e 2028 o recibo cos seguintes datos:

NÚMERO FIXO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO	SUXEITO PASIVO	NIF/CIF
253000644923				

SEGUNDO. NOTIFICAR o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.



9. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO E LIQUIDACIÓN. EXPEDIENTE: 2025/X999/000264

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 12.12.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO E LIQUIDACIÓN.

Expediente: 2025/X999/000264

Solicitud: 202590000001972 (27/11/2025)

Nº Fixo Recibo: 253000644826

Ref. Catastral:

ANTECEDENTES

Primeiro. Dase traslado pola Deputación da Coruña do expediente de Revisión de Oficio nº 35040000069829.

Segundo. Consta no expediente moción de baixa de recibo do lixo con nº fixo 253000644826 (Ref. Catastral asociada: dos exercicios 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025. por cambio de titularidade catastral na data 21/05/2019, constando como novo titular

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 325/2023, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011. Na súa nova redacción aplicable dende o 05.06.2021

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data da devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos



pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible nos exercicios 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercicios 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000644826	20253515022RL01R000789					2025	68,25 €
253000644826	20243515022RL01R004410					2024	80,83 €
253000644826	20233515022RL01R000033					2023	83,47 €
253000644826	20223515022RL01R002686					2022	82,65 €
253000644826	20213515022RL01R002653					2021	84,99 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón fiscal do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000644826	20253515022RL01R000789					2025	68,25 €
253000644826	20243515022RL01R004410					2024	80,83 €
253000644826	20233515022RL01R000033					2023	83,47 €
253000644826	20223515022RL01R002686					2022	82,65 €
253000644826	20213515022RL01R002653					2021	84,99 €



SEGUNDO. Aprobar as liquidacións das taxas de recollida de lixo correspondentes aos exercicios 2022, 2023, 2024 e 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

10. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACION DOS RÍOS DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025 CON NIF G70521745.

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.12.2025, que literalmente di:

“**EXPEDIENTE:** 2025/G006/000399

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACION DOS RÍOS DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025 CON NIF G70521745.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 4 de setembro de 2025 asinouse o convenio de colaboración entre o Concello de Cedeira e a Asociación Dos Ríos de Cedeira. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da Asociación.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 16 de decembro de 2025 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a **PROPOÑER** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACION DOS RÍOS DE CEDEIRA para o exercicio 2025 con NIF G70521745.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.650,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



11. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOCIACIÓN LUGARES COMÚNS CON NIF G42918466.

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15.12.2025, que literalmente di:

“**Expediente:** 2025/G006/000400

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrència competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2025. Asociación Lugares Comúns con NIF G42918466.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para actividades e investimentos presentada pola Asociación Lugares Comúns con NIF G42918466.

Visto o informe favorable de Intervención de data 15 de decembro de 2025 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a **PROPOÑER** á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobado a xustificación da subvención para actividades e investimentos realizada pola Asociación Lugares Comúns con NIF G42918466.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 73,43 € correspondente á subvención destinada a actividades, e 188,70 € correspondente a investimentos, abonando o importe da garantía con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

12. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2025. ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E AMIGOS DE SAN ROMÁN CON NIF G70567714.



Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15.12.2025, que literalmente di:

“Expediente: 2025/G006/000401

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrència competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2025. Asociación de veciños e amigos de San Román con NIF G70567714.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de data 29 de xullo de 2025 e publicadas no BOP de 4 de agosto de 2025. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 27 de agosto de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención para investimentos presentada pola Asociación de veciños e amigos de San Román con NIF G70567714.

Visto o informe favorable de Intervención de data 15 de decembro de 2025 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención para actividades e investimentos realizada pola Asociación de veciños e amigos de San Román con NIF G70567714.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada, unha vez xustificadas os 655,15 € correspondentes á subvención destinada a actividades e os 299,87 € correspondentes á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

13. DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 18.09.2025, P.A. 81/2025 DE BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L. EN LIQUIDACIÓN CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2025/P002/000005)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.12.2025, que literalmente di:



“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 18.09.2025, P.A. 81/2025 DE BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L. EN LIQUIDACIÓN CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2025/P002/000005)

Visto que con data 26.09.2025 deuse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 18.09.2025 (rex de entrada nº 202500000003202, de data 19.09.2025), en relación co procedemento abreviado P.A. 81/2025 de Bcnor Gestión y Soluciones Avanzadas S.L. en liquidación contra o Concello de Cedeira.

Vista a dilixencia de ordenación do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 05.12.2025 (rex de entrada nº 202500000002054, de data 15.12.2025) pola que se acorda declarar firme a sentenza ditada.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da firmeza da sentenza.

Segundo.- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

14. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 677/2025 DE 10.12.2025 DE APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS - AGADER 2025-2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 677/2025 de data 10.12.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS - AGADER 2025-2026
Expte. 2025C003/000005

Mediante o acordo da Xunta e Goberno Local de data 26.09.2025 foi adxudicada a obra “Mellora da capa de rodadura de camiños municipais Agader 2025-26” á empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES S.A. polo importe de 82.522,00 euros, IVE incluído.

Consta no expediente a seguinte documentación relativa á obra “Mellora da capa de rodadura de camiños municipais Agader 2025-26” (R.E. 2025/999/2614 de data 09.12.2025):

- Certificación núm. 1 da obra de data 09.12.2025 polo importe de 40.588,53 € (IVE incluído)
- Fotografía do cartel de obra
- Reportaxe fotográfica



A factura correspondente á certificación núm. 1 da obra (núm. de rexistro de facturas F/2025/3810, núm. de factura FE25 137 de data 09.12.2025), polo importe de 40.588,53 € foi presentada telemáticamente.

Con data 09.12.2025 emitíuse un informe favorable pola Intervención municipal.

Unha vez vista a documentación que se cita, **RESOLVO:**

- 1.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 335/2019 de 26.06.2019 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
- 2.- Aprobar a certificación de obra núm. 1 de “Mellora da capa de rodadura de camiños municipais Agader 2025-26” polo importe de 40.588,53 € (IVE incluído) euros e a factura núm FE25 137 do mesmo importe.
- 3.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director de obra.
- 4.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.
- 5.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

15. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:

15.1 APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN. POS+ADIC 2 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.12.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN. POS+ADIC 2 2025

Nº Expediente: 2025/C003/000001

Este concello necesita levar a cabo a contratación da obra denominada "MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN", segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa en febreiro de 2025, cun orzamento que ascende á cantidade de 90.879,85 € IVE incluído.

O citado proxecto técnico está incluído no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (POS+2025), e foi aprobado polo Pleno municipal de data 06.02.2025.

Con posterioridade á súa remisión á Deputación Provincial, recibíuse un requirimento para a súa emenda debido a erros consistentes en adaptar a estrutura obrigatoria prevista nas bases do POS. O



proxecto emendado, asinado dixitalmente con data 24.02.2025, foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. 417/2025 de 27 de agosto e remitido novamente á Deputación Provincial. As súas modificacións non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica.

Mediante a circular de setembro de 2025 da Deputación Provincial foi aprobada a 1ª fase do POS+ADICIONAL 2/2025, na cal consta incluído este investimento.

A actuación que se pretende é a subsanación das deficiencias actuais do parque infantil ubicado na Praza da Constitución, mellorando tanto a pavimentación como os elementos de xogo instalados, e dispoñendo de novos elementos máis atractivos e de maior capacidade que permitan un mellor uso e disfrute das instalacións existentes.

Constan no expediente as seguintes autorizacións:

- Resolución da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (expte. A-2025/029).
- Augas de Galicia (declaración responsable). Clave DH.W15.106431

Consta así mesmo no expediente o informe técnico emitido polo redactor do proxecto en outubro de 2025 sobre o cumprimento de condicións deste documento coas autorizacións sectoriais citadas.

Constan así mesmo no expediente os seguintes documentos: Os documentos e actuacións obxecto de fiscalización constan no expediente de contratación número 2025/C003/000001:

- Proxecto técnico de febreiro de 2025, redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa, cun orzamento que ascende á cantidade de 90.879,85 € IVE incluído.
- Informe técnico sobre a non división en lotes, sobre a necesidade de obtención de autorizacións sectoriais e sobre a aptitude urbanística, de data 11.11.2025.
- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos de data 03.02.2025 asinado polo arquitecto técnico municipal e a secretaria do Concello.
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 20.11.2025 asinado pola Alcaldía.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 03.12.2025.
- Providencia da Alcaldía de data 21.11.2025 propoñendo o inicio do expediente de contratación de obra.
- Acta de replanteo previo de data 22.10.2025
- Informe xurídico favorable, de data 17.12.2025.
- Informe de fiscalización favorable, de data 18.12.2025.

Por todo o exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, para o proxecto denominado “MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN”.
2. Autorizar, en contía de 90.879,85 € IVE incluído, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada.
3. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado “MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN” por procedemento aberto e asinado pola Alcaldía con data 03.12.2025.



4. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de **vinte e seis (26) días naturais** contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

15.2 APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MAGDALENA. POS+ADIC 2 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.12.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MAGDALENA. POS+ADIC 2 2025

Nº Expediente: 2025/C003/000002

Este concello necesita levar a cabo a contratación da obra denominada "AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MAGDALENA" , segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa en febreiro de 2024, cun orzamento que ascende á cantidade de 165.552,70 € IVE incluído.

O citado proxecto técnico está incluído no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (POS+2025), e foi aprobado polo Pleno municipal de data 06.02.2025.

Con posterioridade á súa remisión á Deputación Provincial, recibíuse un requirimento para a súa emenda debido a erros de transcripción nos prezos indicados en algunhas unidades de obra. O proxecto emendado, asinado dixitalmente con data 26.08.2025, foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. 430/2025 de 28 de agosto e remitido novamente á Deputación Provincial. As súas modificacións non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica.

Mediante a circular de setembro de 2025 da Deputación Provincial foi aprobada a 1ª fase do POS+ADICIONAL 2/2025, na cal consta incluído este investimento.

A actuación que se pretende é a ampliación e mellora do parque infantil existente na área recreativa da Magdalena, coa execución de traballos que permitan subsanar as deficiencias actuais do parque, e que melloren tanto a pavimentación actual como os elementos de xogo existentes. Para iso instalaranse novos elementos máis atractivos e de maior capacidade, que permitan un mellor uso e disfrute das instalacións existentes.

Consta no expediente a resolución da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático pola que se autorizan as obras (expte. A-2025/027).

Consta así mesmo no expediente o informe técnico emitido polo redactor do proxecto en outubro de 2025 sobre o cumprimento de condicións deste documento coa autorización sectorial citada.



Constan así mesmo no expediente os seguintes documentos: Os documentos e actuacións obxecto de fiscalización constan no expediente de contratación número 2025/C003/000002:

- Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro Miguel Fiuza Canosa en agosto de 2025, cun orzamento que ascende ao importe de 165.552,70 € IVE incluído.
- Informes técnicos sobre a non división en lotes, sobre a necesidade de autorizacións sectoriais e sobre a aptitude urbanística, de datas 03.02.2025 e 14.10.2025.
- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos de data 03.02.2025 asinado polo arquitecto técnico municipal e a secretaria do Concello.
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 20.11.2025 asinado pola Alcaldía.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 20.11.2025.
- Providencia da Alcaldía de data 21.11.2025 propoñendo o inicio do expediente de contratación de obra.
- Acta de replanteo previo de data 22.10.2025
- Informe xurídico favorable, de data 16.12.2025
- Informe de fiscalización favorable, de data 18.12.2025

Por todo o exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, para o proxecto denominado “AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MAGDALENA”.
2. Autorizar, en contía de 165.552,70 € IVE incluído, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada.
3. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado “AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MAGDALENA” por procedemento aberto e asinado pola Alcaldía con data 20.11.2025.
4. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de **vinte (26) días naturais** contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:55 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ